

DITAME DA RAG VERBO DO APELIDO REY

Solicítase ditame académico verbo da forma galega do apelido *Rey* e a súa grafía correcta. A comisión executiva da Real Academia Galega, visto o informe do Seminario de Onomástica elaborado na súa reunión do 29 de marzo de 2016, aproba o seguinte ditame.

O apelido **Rei** (9 portadores) / **Rey** (35.614 portadores) ten unha probable orixe galega, non só porque xa se documenta en Galicia a principios do século XIV senón tamén porque aínda no século XXI presenta en Galicia a maior densidade do territorio español e cunha frecuencia relativa moi superior ao resto. Así, por provincias, a súa frecuencia é de 8,6 por mil na Coruña, 5,4 por mil en Pontevedra, 3,4 por mil en Lugo e 2,4 por mil en Ourense; fronte a unha frecuencia sempre por baixo do 1,0 por mil no resto de España, coa excepción de León (1,3) e Cáceres (1,7).

A elevada densidade deste apelido en Galicia (sobre todo na provincia da Coruña) pode derivarse do feito de que trala creación en Compostela do Hospital Real polos **Reis** Católicos en 1492 fíxose práctica habitual poñerlles o apelido *Rey* - *Rei* (con grafía <y> ou <i>, que na época alternaban libremente) aos nenos de pais incógnitos acollidos na Inclusa dese Hospital, práctica aínda vixente no século XIX. Nótese que o Hospital Real cubría a asistencia médica da antiga provincia de Santiago de Compostela (que abrangía boa parte das actuais provincias da Coruña e Pontevedra), ademais de atender o fluxo de peregrinos a Santiago. Mesmo de aí vén o dito popular *vai coma un rei nun cesto / nunha cesta*, porque era nun *cesto* ou *cesta* (recipiente máis grande de transporte segundo as zonas) onde levaban aqueles nenos de pai incógnito desde o Hospital Real a unha parroquia do territorio que atendía para encomendarllos a cadansúa muller que, previo pago, os criase ata os oito anos. Isto significa que eses meniños, tralos coidados pediátricos no Hospital, ían ser criados mediante contrato e debían ir ao Hospital cada ano para unha revisión médica: é dicir, aqueles meniños abandonados estaban agora baixo protección do rei.

A lingua galega desapareceu dos documentos no século XVI e isto trouxo como correlato que mesmo os nomes e apelidos das persoas que neles figuran foron en moitos casos traducidos tamén ó castelán ou axeitados á grafía do castelán, única lingua oficial. Por outra parte, aínda que tanto en galego como en castelán ata tempos recentes as grafías <y> e <i> alternaron libremente en palabras como *ley-lei* , *rey-lei* e outras, no castelán acabouse fixando a grafía *ley*, *rey*, mentres que en galego se adoptaron as grafías *lei*, *rei*. Isto explica que algúns

antigos apelidos galegos non se adecúen hoxe na súa grafía ou na súa gramática ás normas do galego (*Rei*), senón que seguen as do castelán (*Rey*). Este é, sen dúbida, o caso do apelido *Rey*.

Actualmente, a Lei 40/1999 do 5 de novembro (BOE 266, 6/11/1999) permite «regularizalos ortograficamente cando a forma inscrita no Rexistro non se adecúe á gramática e fonética da lingua española correspondente».

A estes efectos, a Real Academia Galega xa declarou formalmente en diversas ocasións que a forma galega do apelido *Rey* é *Rei* e, ao abeiro da lexislación vixente, varias persoas xa regularizaron oficialmente o seu apelido segundo consta pola documentación facilitada a esta Academia polo Instituto Nacional de Estatística. Por tanto, xa está documentada tamén a existencia da nova grafía galega en diferentes xulgados de Galicia. É lexítima, logo, a nova solicitude de modificalo no Rexistro Civil.

A Coruña, 29 de marzo de, 2017